

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2006 adáptanse á nova estrutura administrativa aprobada polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polas disposicións complementarias posteriores.

Estes orzamentos responden ás prioridades da política económica e social que ten o Goberno galego para o próximo ano, no marco das actuacións que vai realizar durante a actual lexislatura, e teñen como referencia o obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para o conxunto das comunidades autónomas no período 2006–2008 e no “Plan económico financeiro 2004–2006, da Comunidade Autónoma de Galicia”, que prevé a redución progresiva do déficit das contas públicas desta Comunidade Autónoma. Ao mesmo tempo, estes orzamentos recollen, necesariamente, os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio de 2005 e anteriores.

Estas prioridades céntranse na reorientación do modelo de crecemento económico cara a unha economía competitiva e aberta aos mercados e sectores de futuro e na especial atención ás políticas sociais, co desenvolvemento dun sistema público de servizos de calidade e universais que garantan unha sociedade de benestar avanzada.

No plano económico, os orzamentos oriéntanse a sentar as bases dun crecemento económico equilibrado e sustentable, con programas que levan a unha maior produtividade, competitividade e creación de emprego de calidade, co obxectivo central de elevar o nivel de vida dos cidadáns.

Os orzamentos de 2006 reflicten un forte impulso no gasto en capital humano, nas áreas de educación, I+D, investigación, universidades, formación dos traballadores, innovación industrial e apoio á iniciativa empresarial, e potencian unha cultura emprendedora para crear emprego e infraestruturas que completen a estrutura básica de comunicación interior e as conexións intermodais; estas actuacións sitúanse nun marco de implantación de políticas de sustentabilidade ambiental. Estes factores deberán contribuír a incrementar a competitividade da economía galega, e reforzarán as bases sobre as que ten que asentarse un crecemento capaz de crear emprego estable e de calidade e de achegar os recursos necesarios para asegurar a continuidade das políticas sociais que constitúen o segundo gran bloque de prioridades.

No ámbito social e asistencial, os orzamentos inciden con especial atención na sanidade, nos servizos sociais, na igualdade, no apoio ás persoas dependentes, na asistencia aos maiores, nunha política integral de axuda para os nenos e a xente moza, no reforzo das axudas para acceso á vivenda e na asistencia aos colectivos máis desfavorecidos e aos emigrantes e retornados.

A elevación do nivel de calidade dos servizos sanitarios, ademais de requirir unha maior eficiencia do sistema, esixe abordar a mellora do seu financiamento, que nestes orzamentos resulta notablemente reforzado.

Tamén resultan prioritarias outras áreas e programas de actuación no ámbito cultural, como os referentes ao impulso do Plan de normalización lingüística e o apoio ao noso patrimonio cultural, así como aos programas que potencian unha política cultural baseada na liberdade de creación e na diversidade, coa cooperación entre institucións públicas e privadas e cara a unha internacionalización da nosa cultura.

No que respecta ao texto articulado, xunto á continuidade das disposicións que forman parte indispensable dunha lei destas características, ou que teñen acreditada a súa utilidade na ordenación da actividade económico-financeira en anteriores exercicios, figuran outras que aparecen recollidas por primeira vez. Entre elas poden ser destacadas as seguintes:

No título I, coa finalidade de dotar de máis transparencia o gasto público, establécese expresamente que xunto coa comunicación das modificacións de crédito autorizadas, que debe enviarse á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos para control parlamentario, deberá figurar unha explicación sobre os motivos que as xustifican, así como a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos dos programas afectados. Nese mesmo capítulo inclúense igualmente unha serie de normas que, en beneficio da mellor operatividade dos procesos de xestión, liberan dalgunha das limitacións existentes en materia de transferencias de crédito as que se realicen cara aos organismos autónomos, en xeral, e, de forma moi concreta, a distintos supostos que afectan exclusivamente as peculiaridades de estrutura e funcionamento do Servizo Galego de Saúde.

A actualización das retribucións do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma constitúe o núcleo fundamental do título II, dedicado á regulación dese tipo de gasto.

Incrementábase a porcentaxe do complemento de destino aplicable ás pagas extraordinarias dos funcionarios en activo, e, de forma expresa, establécese a necesidade de que a aprobación pola Xunta dos criterios obxectivos de reparto que, se é o caso, afecten o complemento de produtividade sexa realizada unha vez escoitados os órganos de representación dos traballadores.

O título III da lei está dedicado á regulación das operacións de endebedamento e garantía. Autorízase o incremento da posición neta debedora durante o exercicio de 2006, axustado ao cumprimento dos compromisos da Comunidade Autónoma en materia de estabilidade orzamentaria, establecidos no Plan económico-financiero; mantense o importe máximo autorizado para o afianzamento por aval; e amplíase o importe dos créditos hipotecarios vivos que o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá concertar con destino a actuacións en materia de vivenda.

Entre as disposicións referentes a distintos aspectos da xestión orzamentaria, incluídas no título IV, figura a actualización dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. Merece a pena destacar, por outra parte, a creación do rexistro público de axudas, subvencións e convenios outorgados pola Xunta de Galicia, así como dun rexistro, de iguais características, onde figurarán as sancións administrativas firmes, recaídas en materia de axudas e subvencións.

O título V, “Corporacións locais”, fai referencia aos principais instrumentos de cooperación económica coas entidades locais utilizados pola Xunta de Galicia: os convenios e subvencións, por unha parte, e o Fondo de Cooperación Local, por outra. En relación con este último, increméntase a porcentaxe de participación dos municipios nos tributos da Comunidade Autónoma, establécese un novo fondo complementario por importe de seis millóns de euros e prorróganse, ata que sexa acordada a súa modificación pola Comisión Galega de Cooperación Local, os criterios utilizados no anterior exercicio para o reparto do fondo expresado en porcentaxe.

A modificación dos tipos das taxas de contía fixa, e tamén dalgunhas de contía variable, constitúe a materia do título VI, dedicado a normas tributarias, que introduce igualmente determinadas modificacións das cotas e dos tipos de gravame que afectan a taxas sobre xogos de sorte, envite ou azar.

Finalmente, entre os preceptos que se inclúen nas disposicións adicionais da lei, merece ser destacado o mandato realizado ao Goberno galego para a elaboración dun plan de reequilibrio territorial, que permita planificar e coordinar os investimentos en infraestruturas e outras actuacións, concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral e de reforzamento da cohesión social. Desde outra perspectiva, poden tamén ser mencionadas unha serie de disposicións de signo diverso, entre as que se inclúe a autorización para determinar a composición dos órganos unipersoais do Servizo Galego de Saúde a través de decreto da Xunta, a dotación dun fondo salarial de apoio á produtividade dos empregados públicos e a extensión ao ano 2006 das prestacións familiares por coidado de fillos menores, en unidades familiares nas que ningún dos seus compoñentes estea obrigado a presentar declaración do imposto sobre a renda.

Como resumo, estes orzamentos cumpren cos compromisos establecidos cos cidadáns galegos co obxectivo de acelerar o proceso de converxencia no plano económico e social e non son exclusivamente as contas dun ano, senón que forman parte dun proxecto para un futuro mellor, máis igualitario e máis solidario. Os programas orzamentarios teñen por obxectivo a dinamización e o fomento de actuacións que permitan dotar a sociedade galega de formación, creatividade e cultura emprendedora, apoiando a investigación, a innovación e a competitividade, reforzando a cohesión territorial e dotando a Galicia de máis e mellores infraestruturas.

Por outra banda, son uns orzamentos que aceptan o reto de sentar as bases de iniciar actuacións cara a unha forte cohesión social, que impulsan uns servizos sociais públicos de calidade, un maior e mellor emprego, unhas vivendas dignas e uns equipamentos culturais e deportivos axeitados ás demandas sociais, nun marco de igualdade, con investimento nas persoas.

Son uns orzamentos, en fin, que capitalizan os recursos da Comunidade Autónoma e apoian o desenvolvemento do seu capital humano, físico e social, no marco da eficiencia e do control do gasto.

